23.11.2022 | 21:00 | CONCATEDRAL DE STA. M.ª DE VIGO

FRANCK + TORRES, AULA DO ÓRGANO DO CMUS OURENSE

Neste concerto queremos facer unha homenaxe a dúas grandes figuras da historia do noso instrumento: os compositores e organistas César Franck e Eduardo Torres, no segundo centenario e 150 aniversario dos seus nacementos, respectivamente.

A figura de César Franck (1822-1890), xunto co organeiro Aristide Cavaillé-Coll (1811–1899) supuxeron a reinvención do órgano en Francia durante o século XIX, concebíndoo como un instrumento de carácter sinfónico e con prestacións técnicas pioneiras. Esta transformación supuxo unha nova estética e estilo no repertorio, sendo César Franck o máximo expoñente da literatura romántica organística.

A obra de Eduardo Torres (1872–1934) está enmarcada no contexto do *Motu proprio* de Pío X. As súas obras, de pequeno formato, caracterízanse por unha influencia da escola francesa da época, engadindo un toque de sinxeleza e frescura.

Xunto a estes compositores escoitaremos, ademais, a *Apparition de l'église éternelle* de Olivier Messiaen (1908-1922), dando apertura a este concerto cunha peza de carácter impresionista; o *Passamezzo antico* evocará aos orixes dos instrumentos de tecla da época (órgano e clave); por último, a *Pastorela* de Miguel Manzano (1934) supón unha mestura do sacro e o profano, xa que está fundamentada sobre a *Loa á Virxe do Rosario,* recollida no Cancionero de Folklore Musical Zamorano.

Ignacio Prieto

PROGRAMA

— Olivier Messiaen (1908–1992)
Apparition de l´église éternelle
int. Hugo Pérez Arjiz (4.º Grao Profesional)

— Anónimo (S. XV)
Passamezzo antico
int. Martín Rodríguez González (1.º Grao Profesional)

— César Franck (1822–1890)
Preludio, fuga e variación
int. Paula Dios Do Campo (6.º Grao Profesional)

— Eduardo Torres (1872–1934)
Gradual, int. Ignacio Prieto Bermejo
Elevación en sol maior, int. Álvaro Fernández Fidalgo
(1.º Grao Profesional)

— Miguel Manzano Alonso (1934)
Pastorela en modo mixto
int. Ignacio Prieto Bermejo

— César Franck (1822–1890)
Saída en re maior
int. Andrea Torrado García (1.º Grao Profesional)

COLABORA

Aula de Órgano do Conservatorio Profesional de Ourense